

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO,
ALCALDE
DO CONCELLO DE PORTO DO SON**

FAI SABER:

A Que con motivo da **FESTA DE SAN XOÁN**, para poder acender os lumeiros deberase solicitar o correspondente permiso municipal aportando copia do DNI, antes das 12:00 horas do día 21 de xuño no Rexistro Xeral do Concello.

Así mesmo, deberán adoptarse as medidas de precaución seguintes:

Previo ó inicio do lume, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho, rodeando o perímetro da fogueira.

Non se poderá facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Se iniciada a fogueira se producira a aparición deste, suspenderase inmediatamente a operación, procedendo a apagar o lume.

Non se abandonará a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen 2 horas sen que se observen brasas ou lapas.

En todo momento deberase contar con persoal e material suficiente para o seu debido control.

Queda prohibido acender lumeiros nas praias. Tamén queda prohibido acender lumeiros nas rúas sempre que non se faga sobre unha chapa metálica.

Deberanse cumplir as seguintes normas de seguridade:

- Os lumeiros non poderán exceder de 6 m. de altura
- Non se poderán acender a menos de 50 m. das árbores
- Teranse á man caldeiros e/ou mangueiras de auga.

Ó remate dos lumeiros deberanse recoller os restos e deixar a zona limpa e acondicionada, sendo responsable a persoa que solicita o permiso.

Porto do Son, 4 de xuño de 2019

O Alcalde- Presidente,

Asdo,: José Luis Oujo Pouso

